

DOSSIER PRIMERO TRIMESTRE CIOV

Narración oral

(outubro-novembro-décembro 2021)

Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo

Lugar: Verbum (Avda. de Samil, 17) [enlace a google maps](#)

Obradoiro de introdución á técnica vocal *Esperanza Mara Filgueira Rama* (emanArte. Servizos culturais)

Neste obradoiro traballaremos o dominio da voz a través da adquisición dos conceptos técnicos necesarios dunha forma amena, onde combinamos os contidos teóricos con moita práctica.

Exploraremos o noso aparello respiratorio, aprenderemos as partes que o compoñen e como utilizar de maneira correcta.

Controlar a respiración é fundamental para calquera persoa que traballe coa voz. Aprenderemos as partes que compoñen o aparello fonatorio así como os recursos técnicos para producir os son que queremos.

Aprenderemos tamén as partes do aparello resonador e os recursos técnicos para producir o son que queremos.

Coñeceremos as diferentes partes e como e onde podemos proxectar a nosa voz.

Experimentaremos cos matices de timbre que podemos realizar e avaliaremos o noso rexistro vocal.

Falar non é o mesmo que comunicar. A voz permite mudar o significado das mesmas palabras dependendo dunha serie de parámetros que avaliaremos e exploremos practicamente. Coas ferramentas correctas, calquera de nós pode vender un produto, ser locutor de radio, contar unha historia e captar ao público dunha forma moi eficiente, gustaríache saber como?

A adecuación da voz ao contexto é fundamental para comunicar de maneira eficiente. Neste obradoiro aprenderás as cuestións técnicas para facelo e as cuestións a ter en conta no acto da comunicación.

A tradición oral, a narración e a literatura popular como ferramenta na normalización lingüística *Bea Campos*

A formación terá como base catro aspectos; a tradición oral, o conto tradicional, o álbum ilustrado e os contos para adultos.

Comenzaremos cunha posta en valor da literatura infantil de Galicia. Nesta fase atenderase especialmente á recuperación e á posta en valor da tradición oral e do cancionero popular, así como ao legado cultural co que medraron e se formaron as xeracións pasadas.

Despois faremos unha clasificación teórica dos contos tradicionais e álbums ilustrados por idades, atendendo á súa temática e formato.

Tamén se abordarán aspectos como: organizar unha sesión de contacontos en función dos intereses e das expectativas do público.

Traballaremos tamén na búsqueda de material para a creación de contos para público adulto.

Finalmente, a través de xogos de expresión e de exercicios de relaxación, vanse practicar técnicas para aprender a contar. Ao remate das clases, as persoas participantes no curso realizarán unha sesión real de contacontos para exercitar as estratexias narrativas e os coñecementos adquiridos.

Contidos a traballar:

A tradición oral, a literatura popular. Investigación de ditos e contos na nosa contorna.

Creación dun libro da memoria.

O conto tradicional. Animais, costumes e maravillosos.

O álbum ilustrado.

Libro xogo.

Contos para bebés, contadas familiares e para adultos

O quecemento vogal. Coñecer a nosa voz.

Expresión oral. Ritmo, ton e pausa.

A persoa narradora e as personaxes.

Escrita creativa como ferramenta para inventar historias.

Expresión corporal na narración oral. Mans e cara.

Espazo e organización dunha sesión de contos.

Os signos contan. Lingua de Signos aplicada á Narración oral ***Raquel González Novelle***

A Narración oral utiliza de seu acenos que reforzan as palabras, axudan a captar a atención do público e facilitan a comprensión do contido por parte dos máis pequenos. Mais estes acenos, case nunca son coincidentes coa Lingua de Signos utilizada polas persoas xordas galegas. Polo que quérese contribuír a que as persoas que se dedican a manter viva a nosa tradición oral aprenden un pouquiño da Lingua de Signos e a utilicen nas súas contadas, promovendo a difusión e defensa desta fermosa lingua e axudando a crear espazos máis inclusivos, reforzando a idea de que a diversidade enriquece.

Obxectivos:

Facilitar habilidades e estratexias comunicativas co público xordo.
Aprender signos que se poidan utilizar nas contadas.
Achegar o ámbito da narración oral ás persoas xordas.
Educar na diversidade social, cultural e lingüística.

Contidos:

As persoas xordas e a comunicación con elas.
A lingua de signos: aclaración de conceptos e falsos mitos.
O alfabeto dactilolóxico da lingua de signos.
Saudamos e presentámonos.
Personaxes de conto en lingua de signos.
Signos das cores e os animais.

Metodoloxía:

As persoas participantes no obradoiro deben ser as protagonistas do seu propio proceso de aprendizaxe. Dende esta perspectiva desenvolveremos esta actividade formativa, fomentando a participación e interacción na aclaración de conceptos teóricos e promovendo a aprendizaxe de lingua de signos de xeito práctico.

Para se inscribir debe cubrir o formulario "[inscricións](#)" que se atopa na páxina web snl.vigo.org

Pode anotarse aos 3 obradoiros, a 2 ou soamente a 1, pero ten cubrir un formulario por cada obradoiro no que se inscriba.